

Victorino Pérez presentou en Sargadelos o seu último libro

## “Se perdera a esperanza perdería as ganas de vivir”

**Redacción / Ferrol**

Victorino Pérez recuperou os textos máis destacados dos que publicou na prensa galega –principalmente en Diario de Ferrol– nos últimos anos e reuniunos nun volume que presentou onte en Sargadelos. “Contra a síndrome N. N. A (Non hai Ningunha Alternativa). Unha aposta pola esperanza”, resume o pensamento desde teólogo e sacerdote sobre o situación do mundo actual ou sobre a Igrexa católica e o seu papel en Galicia. A súa obra supón un antídoto contra posicións derrotistas e unha firme –que non acrítica– confianza no futuro.

“Sigo sendo profundamente esperanzado porque se perdera a esperanza perdería as ganas de vivir”, comentou Pérez. Pero, máis aló dunha teima militante, o seu optimismo baséase na expe-



Manuel Bragado, Victorino Pérez e Fina Casal na presentación do libro / L. Polo

riencia que lle dá o contacto continuo coas persoas. “Camiñando coa xente sigo atopando razóns para a esperanza”, explica.

Victorino Pérez Prieto estivo acompañado na presentación polo director de Xerais, Manuel Bragado; pola

xerente da galería Sargadelos, Fina Casal; e por dúas de persoas que encheron a sala e que, antes do acto, facían cola para que este párroco de San Xoán firmase unha nova achega editorial que se suma á súa longa traxectoria como escritor.